

DECRETO DE PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO, ALCALDE

ASUNTO: ORDENACIÓN DO ESTACIONAMENTO DAS PERSOAS USUARIAS ABODORAS NO APARCADOIRO MUNICIPAL “PRAZA DO CENTENARIO”

TENDO EN CONTA a demanda actual de tipos de abonos que comunica a empresa que xestiona as instalacións do aparcadoiro municipal “Praza do Centenario” e a conseguinte necesidade de ordenar o estacionamento das persoas usuarias aboadoras co fin de optimizar o uso das instalacións, tanto en beneficio destas coma do resto de usuarios e usuarias de rotación.

TENDO EN CONTA que é inminente a posta en servizo dun novo sistema de barreiras e sistema de acceso as instalacións.

LOGO DE VER que de conformidade co disposto no artigo 13.1 do Regulamento de réxime interno do aparcadoiro municipal “Praza do Centenario”, o Concello poderá por razóns dunha mellor xestión do servizo designar unha praza, zona ou andar de utilización obrigatoria, o que en ningún caso supoñerá o recoñecemento de dereito de uso exclusivo da mesma.

No exercicio das competencias outorgadas no artigo 16 do Regulamento de réxime interno do aparcadoiro subterráneo municipal (praza do Centenario), **ACABO EN DECRETAR:**

1º) Establecer como zona de estacionamento obrigatorio para todas as persoas aboadoras baixo a modalidade de 24 horas as zonas interiores delimitadas por barreiras de acceso nos andares -3 e -2 das instalacións. Autorízase á empresa encargada do mantemento das instalacións que a través do persoal do servizo distribúa as prazas de estacionamento dentro das devanditas zonas delimitadas en función de criterios de necesidade especial de accesibilidade e dimensións dos vehículos.

2º) Establecer como zona de estacionamento obrigatorio para todas as persoas aboadoras baixo a modalidade de 12 horas o andar -2 das instalacións, fóra das mencionadas zonas con barreiras, na medida que non existan prazas dispoñibles nas mesmas por estar ocupadas por usuarios e usuarias de 24 horas.

3º) Establecer o seguinte número máximo de abonos en función da capacidade da instalación e a satisfacción das necesidades dos usuarios de rotación:

- Abonos 24 horas: 179
- Abonos 12 horas: 80
- Abonos turísticos temporais: 20

4º) No suposto de existir maior demanda que prazas dispoñibles de aboadores/as 24 horas, utilizarase a seguinte orde de asignación de prazas:

- 1º) Aboadores/as 24 horas/semana completa.
- 2º) Aboadores/as 24 horas de luns a venres.
- 3º) Aboadores/as 24 horas fins de semana.

5º) A presente circular entrará en vigor unha vez estean operativas as barreiras interiores, co límite máximo do 17 de febreiro de 2025. Os usuarios e usuarias que incumpran a circular e as normas establecidas no regulamento de réxime interno do aparcadoiro subterráneo



FIRMANTE - FECHA



municipal serán apercibidos. Cómpre lembrar que o estacionamento en zonas indebidas ocasionará o cobro da estancia baixo as tarifas de rotación, todo iso sen prexuízo que puidese ocasionar a imposición de sancións, incluíndo a perda da condición de aboador/a, pola comisión das infraccións tipificadas no Regulamento de Réxime interno.

6º) Proceder á publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e nas instalacións do aparcadoiro para dar publicidade á presente resolución, dando traslado á empresa encargada das instalacións.

O Alcalde-Presidente

Dou fe, o secretario

Luís Antonio Pérez Barral

En Ribeira, na data que consta na sinatura dixital



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90016955D00H3L1F0D0H8F9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 29/01/2025
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2025 10:03:35

EXPEDIENTE :: 2024C_SE000003
Fecha: 19/02/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E90016955D00H3L1F0D0H8F9